

A antena de Ortigueira organiza un curso de empaquetado para comerciantes

Ferrol. 18/02/10. Mañá comeza en Ortigueira un curso práctico de empaquetado organizado pola antena da Cámara de Comercio nesta localidade.

A participación nesta acción formativa, dirixida especialmente aos comerciantes da comarca de Ortegá, é gratuíta. A súa duración total será de 16 horas lectivas e desenvolverase os luns e os mércores, en horario de 20.30 a 22.30 h.

Os alumnos coñecerán a importancia do empaquetado na imaxe comercial e os distintos materiais de presentación, elementos prefabricados e adornos que se poden utilizar en función do produto e da ocasión, así como as diferentes tendencias.

Aprenderán, igualmente, a elaborar accesorios, lazos e adornos que melloren a presentación dos paquetes.

As persoas interesadas deben dirixirse á oficina da antena (C/Príncipe, 27. Tel. 981 452 086) para formalizar a súa inscrición.

Esta actividade dá continuidade aos seminarios e cursos sobre imaxe comercial e escaparatismo que a antena local da Cámara organizou na vila en novembro pasado.

